

O PSOE refórzase na Terra Chá con Mario Rouco Rey como candidato á alcaldía de Muras

Este enxeñeiro agrónomo de 32 anos foi elixido por aclamación en asemblea para liderar a lista socialista do municipio

Esta fin de semana presentará oficialmente a lista completa que encabeza Rouco Rey e que concorrerá o vindeiro 24 de maio co “obxectivo de arrebatarlle á alcaldía ao PP” e conseguir así “un cambio imprescindible despois de anos de desfeita dun alcalde que tan só mira polos seus intereses”

“A nosa prioridade serán as persoas, as inquiredanzas e necesidades dos preto de 700 habitantes do concello de Muras; polos que traballaremos para dar o mellor futuro posible, desenvolvendo políticas que leven consigo o progreso do municipio”, afirma o candidato

MURAS, 14 DE ABRIL DE 2015.- Os socialistas do municipio de Muras elixiron por aclamación en asemblea a Mario Rouco Rey como candidato á alcaldía para as eleccións municipais do vindeiro mes de maio. A elección deste enxeñeiro agrónomo de 32 anos para liderar a lista socialista do municipio aporta un novo reforzo ao conxunto do PSOE da Terra Chá.

Natural de lugar do Castro, parroquia de Muras, o candidato agradeceu a confianza depositada no seu proxecto baseado “na transparencia, no compromiso de servir aos veciños e veciñas de Muras e mellorar o noso municipio”. Rouco Rey indicou que afronta esta nova etapa con “moita ilusión, comprometido co proxecto socialista e coas preocupacións e necesidades da cidadanía deste concello”.

Esta fin de semana presentará oficialmente a lista completa que encabeza Rouco Rey e que concorrerá o vindeiro 24 de maio co “obxectivo de arrebatarlle á alcaldía ao PP” e conseguir así un “cambio imprescindible despois de anos de desfeita dun alcalde que tan só mira polos seus intereses”.

“A nosa prioridade serán as persoas, as inquiredanzas e necesidades dos preto de 700 habitantes do concello de Muras; polos que traballaremos para dar o mellor futuro posible, desenvolvendo políticas que leven consigo o progreso do municipio”, afirma o candidato socialista.